



## ADDENDA PARA A PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) E O BANCO DE SABADELL, S.A. PARA IMPULSAR A COLABORACIÓN COA OFICINA ECONÓMICA DE GALICIA EN PROXECTOS EMPRESARIAIS

### REUNIDOS

Dunha parte, M<sup>a</sup> Jesús Lorenzana Somoza, Conselleira de Economía e Industria da Xunta de Galicia, nomeada para o devandito cargo polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, (DOG nº 73, do 14 de abril de 2024), en nome e representación do Instituto Galego de Promoción Económica (en diante, Igape), con NIF Q6550010J e domicilio no Edificio Igape, Complexo Administrativo San Lázaro s/n, 15707 Santiago de Compostela, actuando en calidade de Presidenta do organismo, en virtude do disposto no artigo 11 da Lei 5/1992, do 10 de xuño.

E doutra parte, Miguel Ángel Alonso Pérez, actuando en nome e representación de Banco Sabadell S.A., con NIF A-08000143, domicilio social en Plaça de Sant Roc, 20 – 08201 Sabadell, inscrito no Rexistro Mercantil de Barcelona no Tomo/I.R.U.S. 1000152932861, Folio 873, Folla B-1561, Inscripción 2896; en calidade de Director Equipo de Empresas Galicia Norte, en virtude da escritura de apoderamento outorgada en Barcelona ante Notario do Ilustre Colexio de Catalunya, D. Raúl González Fuentes, con número de Protocolo 4.832, de data 21 de decembro de 2023, facultades que declara vixentes.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación, para a sinatura do presente convenio e para estes efectos,

### MANIFESTAN

**PRIMEIRO.-** Que o Igape o Banco Sabadell asinaron o 26 de marzo de 2025 un convenio de colaboración co fin de colaborar cos axentes empresariais, proporcionando un financiamento adecuado, flexible e accesible, que responda eficazmente ás diversas necesidades de cada un deles, facilitando así o desenvolvemento sostible, innovación e expansión no mercado. Debe contribuír especialmente ao desenvolvemento no ámbito rural, incentivando a creación e consolidación de emprego e actividade económica nestas zonas, contribuíndo ao equilibrio territorial e mellora da calidade de vida dos seus habitantes, beneficiando aos sectores estratéxicos e startups, entre outros.

**SEGUNDO.-** Que o obxectivo do convenio é colaborar no desenvolvemento de accións para apoiar os proxectos, en especial os procedentes do Instituto Galego de Promoción Económica, a través da Oficina Económica de Galicia, destinados a pequenas e medianas empresas, grandes empresas, autónomo/as e/ou emprendedores/as, concretadas na habilitación dunha liña especial de financiamento axeitada ás súas necesidades.

**TERCEIRO.-** Que o desenvolvemento do convenio supón a posta a disposición das empresas dunha liña de financiamento de xeito coordinado entre os equipos de ambas entidades.

**CUARTO.-** Que a cláusula cuarta do convenio prevé a posibilidade dunha prórroga por un ano adicional, ata o 30 de decembro de 2026, previo acordo unánime das partes. O 15 de decembro de



2025 tivo entrada no IGAPE a solicitude de prórroga do convenio asinada polo presidente do Banco Sabadell

Por todo o exposto, e con esta finalidade, as partes acordan formalizar a presente addenda de conformidade coas seguintes:

**CLÁUSULAS:**

**PRIMEIRA.-** Modifícase a cláusula cuarta do convenio (*Vixencia, modificación, extinción e resolución do convenio*) nos seguintes termos:

Onde di:

*Este convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 30 de decembro de 2025, podendo prorrogarse por un ano máis por acordo unánime das partes debidamente formalizado, segundo o previsto no parágrafo seguinte.*

Debe dicir:

*Este convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 30 de decembro de 2026.*

**SEGUNDA.-** Declárase expresamente a vixencia do restante contido e clausulado do convenio asinado o 26 de marzo de 2025, o cal manterá a súa plena validez nos termos en que fora redactado, sendo de aplicación igualmente a presente addenda.

E en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda na data da sinatura dixital.

**Polo IGAPE**

**Polo Banco Sabadell**

A Conselleira de Economía e Industria  
da Xunta de Galicia

O Director Equipo de Empresas Galicia Norte

M<sup>a</sup> Jesús Lorenzana Somoza

Miguel Ángel Alonso Pérez

